

ANEXO

CONVENIO NUM 75/2017

1. Nº inventario: 50
Título: A Feira de Santa Susana
Autor: Ovidio Murguía de Castro
Cronoloxía: 1892
Medidas: óleo sobre lenzo 68 x 97 cm.
Valoración seguro: 40.000.- euros
Localización: Pazo de Mariñan (Torre, sala Rosalía)



2. Número de inventario: 867
Título: Amor Durmido/Retrato de Gala Murguía
Autor: Ovidio Murguía de Castro
Cronoloxía: 1814
Medidas: óleo sobre lenzo 86 x 59 cm.
Valoración seguro: 10.000.- euros
Localización: Pazo de Mariñan (Torre, sala Rosalía)



3. Nº inventario: 866
Título: Paisaxe de inverno no Sarela
Autor: Ovidio Murguía de Castro
Cronoloxía: 1890
Medidas: Óleo sobre lenzo 93 x 72 cm.
Valoración seguro: 50.000.- euros
Localización: Pazo de Mariñan (Torre, sala Rosalía)



4.- **CRECHO DE ROSALÍA DE CASTRO GARDADO EN ESTOXO GARDAPELO**
DESCRICIÓN:

Estoxo cadrado de cor parda escura con apertura dobre e peche metálico con forma trilobulada. Medidas: 11,7 cm. de ancho (pechado); 24cm de ancho (aberto); 13,5 cm. de alto. No seu interior contén un gardapelo metálico de forma oval (7,8cm de alto x 6,5 cm. de ancho), cun crecho de Rosalía de Castro envolto en papel, o cal amosa un debuxo dela atribuído a Visitación Oliva. Baixo o gardapelo unha placa que di "Rosalía de Castro//Santiago 1837-Padrón 1885".

Nos laterais do interior do estoxo acompañan ao gardapelo unha placa na que se le "Excma. Deputación Provincial da Coruña" na esquerda e unha insignia metálica en cor do escudo da Deputación da Coruña na dereita

Acompaña ao obxecto un sobre coa invitación á Conferencia na que Juan Naya presentou este crecho e o artigo do 12 de outubro de 1983 que recolle a noticia en La Voz de Galicia. O estoxo e o gardapelo adquiriunos o técnico de Cultura Felipe Senén nun anticuario para gardar o crecho custodiado pola Deputación.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

ACTA DE ENTREGA A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA EXHIBIR NA SÚA CASA MUSEO DA MATANZA EN PADRÓN, AS OBRAS DE OVIDIO MURGUÍA DE CASTRO RELACIONADAS CON ROSALÍA DE CASTRO E QUE SON PROPIEDADE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ACTA DE ENTREGA A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA EXHIBIR NA SÚA CASA MUSEO DA MATANZA EN PADRÓN, AS OBRAS DE OVIDIO MURGUÍA DE CASTRO RELACIONADAS CON ROSALÍA DE CASTRO E QUE SON PROPIEDAD DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En Padrón, A Coruña, o 03 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte a vicepresidenta da Deputación da Coruña, M^a Goretti Sanmartín Rei con DNI nº 52470274Y, facultada por delegación para a sinatura deste documento en Resolución da Presidencia número 18985/2017 do 13/06/2017 pola Deputación da Coruña, propietaria das obras de arte.

Da outra parte o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira Viturro, na calidade de presidente da Fundación Rosalía de Castro, actuando no seu nome e na súa representación.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A Deputación Provincial da Coruña mediante Resolución da Presidencia número 6032 do 27/03/2013 aprobou a *cesión en depósito* a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, das seguintes obras relacionadas con Rosalía de Castro, que forman parte do patrimonio artístico referido a Rosalía de Castro, que se exhibe na súa CASA MUSEO DA MATANZA en Padrón, epicentro cultural da provincia da Coruña e de Galicia:

Título: Retrato de Rosalía, autor: Modesto Brocos y Gomes, nº inventario: 872. Autor: Ovidio Murguía Títulos: Primavera, nº inventario: 874; Título: Verán, nº inventario: 875; Título: Outono, nº inventario: 876; Título: Inverno, nº inventario: 877; Título: Muller lavando, nº inventario: 868.

-Dúas butacas con brazos e sofá de tres prazas que pertenceron á familia Murguía-De Castro.

SEGUNDO: A Deputación da Coruña continuando a súa colaboración coa FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO aprobou mediante Resolución da Presidencia número 18985/2017 do 13/06/2017 a CESIÓN EN DEPÓSITO á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, de varias obras que se indican no anexo e que se suman ás xa cedidas e que formarán parte do patrimonio artístico referido a Rosalía de Castro, que está a exhibir na súa CASA MUSEO DA MATANZA en Padrón, epicentro cultural da provincia da Coruña e de Galicia.

Por todo o exposto e actuando ambos no exercicio do seu cargo, acórdase formalizar a presente acta de entrega, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

1.- A Deputación Provincial da Coruña cede temporalmente en concepto de depósito as obras que se relacionan no presente documento. A cesión realízase por un período dun ano contado dende a formalización do acto de cesión temporal. Esta cesión poderá prorrogarse anualmente de forma automática, salvo que as partes queiran deixar sen efecto a cesión cun aviso previo de dous meses.

2.- Así mesmo a Deputación da Coruña cede temporalmente en concepto de depósito un crecho de Rosalía de Castro gardado nun estoxo.

3.- A Fundación Rosalía de Castro recibe neste acto os citados bens.

4.- A cesión realízase coa finalidade de que os bens se expoñan na Casa Museo da Matanza en Padrón. Calquera traslado destes fóra do museo deberá ser autorizado pola Deputación.

5.- A entidade cesionaria responsabilízase da custodia e adecuada conservación das obras para que estas se atopen nas mellores condicións. Para estes efectos a Deputación poderá realizar as verificacións que estime oportunas. As obras cedidas son as relacionadas no anexo:

6.- A Fundación fará constar que os bens son propiedade da Deputación e que se atopan en depósito temporal, tanto na súa exposición como en calquera catálogo ou documento que elabore.

A Coruña, 3 de xullo de 2017

A VICEPRESIDENTA
DA DEPUTACIÓN,



Mª Goretti Sanmartín Rei

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN,



Anxo Angueira Viturro